

HISTORIA- 4º ESO - CONSELLOS PARA PREPARAR A PROBA DE SETEMBRO

RELACIÓN DE CONTIDOS QUE DEBES REPASAR PARA A PROBA DE SETEMBRO:

1º) A que chamamos **Antigo Réxime**?. Fai un resumo onde teñas en conta as características da economía e a sociedade do Antigo Réxime.

2º) Que é a **Monarquía Absoluta**? Que é o réxime señorial?

3º) Que foi a **Ilustración**? Cales son as súas características e quen foron os ilustrados máis destacados?

4º) **Despotismo Ilustrado**?. Que quere dicir a frase “**todo para o pobo pero sin o pobo**”.

5º) Definición de conceptos desta primeira parte como: economía de subsistencia, barbeito, gremio, **Mercantilismo**, **Fisiocracia**, Paz de Versalles, **Sufraxio**, **Estados Xerais**.

6º) Definición de **LIBERALISMO** e **NACIONALISMO**. Enumera os principios do **LIBERALISMO**.

7º) Fai un esquema/resumo das **revolucións americana e francesa** (fíxate nas características das constitucións que se promulgaron na Revolución Francesa)

8º) Identifica os seguintes personaxes: **Montesquieu, Rousseau, Voltaire, Luis XVI, Thomas Jefferson, George Washington, Robespierre, Napoleón, Adam Smith**.

9º) Expón nunha táboa os **aspectos principais da 1ª e a 2ª Revolución Industrial** (podes seguir o seguinte modelo):

	1ª Rev. Industrial	2ª Rev. Industrial
Cronoloxía e países		
Sectores punta		
Fontes de enerxía		
Outros aspectos destacados		

10º) Repasa conceptos como: **Capitalismo, sociedade de clases, burguesía e proletariado**.

11º) Sobre o **MOVEMENTO OBREIRO**: Definición? Cando se da e por que? Que reivindican? Que foron a **Primeira e a Segunda Internacional**? **AXÚDATE** elaborando un esquema do movemento obreiro tendo en conta o que pasa **ANTES e DESPOIS** de 1848.

12º) *Principios do Socialismo Marxista e o Anarquismo (podes facer un esquema).*

13º) *Identificación dos seguintes personaxes históricos: Taylor, Henry Ford, **Marx**, Engels, Bakunin, Pablo Iglesias, Emmeline Pankurst.*

14º) *Fai un esquema/táboa coas causas e as **consecuencias do imperialismo**, podes seguir o seguinte modelo. Lembra que cando falas de consecuencias positivas ou negativas tes que deixar claro se falas da METRÓPOLE ou da COLONIA:*

<i>Causas do Imperialismo</i>	<i>Consecuencias do Imperialismo</i>

15º) *Resumo dos aspectos máis destacados da Primeira Guerra Mundial, tendo en conta os seguintes puntos: Causas da Guerra? Países enfrontados? Fases da Guerra? Novas formas de facer a Guerra (trincheiras)? Tratado de Versalles? Paz de Paris? Consecuencias da Guerra?*

16º) *Explica como **triunfa a Revolución Bolchevique**? Quen foi Lenin e que principios defendía?.*

17º) *Fai unha táboa/resumo onde enumeres as características dos gobernos de Lenin e Stalin.*

18º) *Biografías históricas de: Nicilás II, Lenin, Trotski, Stalin, Mussolini, Hitler.*

19º) *Definición de conceptos como: crack do 29, marcha sobre Roma, República de Weimar.*

20º) *Recolle nunha táboa as características do fascismo e o nazismo.*

21º) *Sobre a Segunda Guerra Mundial: Cando se da? Cales foron as causas da Guerra? Que países se enfrontaron? Quen gaña a Guerra? Cando remata a Guerra e con que acontecementos? Que pasou o 6 e 9 de agosto de 1945? En que Conferencias se firma a Paz? Cales son as consecuencias da Guerra?.*

22º) *Facer a modo de esquema os estilos artísticos que corresponden coas cronoloxías vistas na aula, podedes seguir o modelo:*

<i>Estilo e cronoloxía</i>	<i>Características principais</i>	<i>Artistas representativos</i>	<i>Exemplos de obras</i>

COMO VAIA SER A PROBA?

A proba ao igual que durante o curso pode constar das seguintes partes:

- Definición de conceptos.
- Relacionar termos.

- Resposta a preguntas breves ou redacción de pequenos temas.
- **HABERÁ COMENTARIO DE ARTE OU DE TEXTOS.**

PARA PREPARAR A PROBA:

- Dicitvos que será mellor que fagades un *plan de traballo* que **EVITE** que a preparación da materia quede para os últimos días.
- Para repasar a materia podedes facer resumos dos temas traballados, esquemas, táboas, definición de conceptos e incluso repetir os exercicios traballados na aula.
- **LEMBRADE** o importante que é en Historia **situar cronolóxica e espacialmente** os acontecementos dos que falades, a boa redacción e claridade dos contidos.
- **NON olvidedes** que ao repasar debedes fixarvos e **suliñar aqueles aspectos máis destacados durante o curso na aula.**